

As relacións de Galiza con Extremadura

Domingos Prieto Alonso
Galiza

May 17, 2018

Contents

1	Introducción	2
2	O galego arcaico	2
2.1	Significado da palabra gallego	3
2.2	As Cantigas de Amigo e as jarchas	3
3	A fala de Valverde del Fresno, San Martín de Trebello e Elhas	3
3.1	Origen da fala	4
3.2	A fala de Alamedilla	4
3.3	BIBLIOGRAFIA RELACIONADA CON A FALA	5
4	Prisciliano	9
5	Marwan 'O Galego' e o Reino de Badajoz	9
6	Castelao en Badajoz	10
6.1	José María Lama sobre Castelao en Badajoz	10
6.2	NOTAS BIBLIOGRÁFICAS	11
7	Sergio Lorenzo e Cáceres	12
8	O falar donbenitense segundo Manuel Casado	12
9	Maria Victoria Moreno e o Dia das Letras Galegas 2018	12
10	Conclusion	13

Abstract

Defendemos aquí que as relacións de Galiza e do galego con Extremadura e as falas extremeñas son moi antigas como testemunhan a presenza de Prisciliano en Mérida, o paso de Castelao por Badajoz, as casas señoriais galegas en Cáceres, os topónimos "Gallegos", as falas galegas do Val de Xálema, as numerosas palabras comúns entre os falares astur-leones de Extremadura e o galego, etc. e persisten no

tempo como mostra a presenza de emigrantes galegos en Extremadura e nomeadamente a Casa de Galicia en Badajoz ou a dedicación do Día das Letras Galegas deste ano à extremeña María Victoria Moreno.

1 Introducçon

A dedicación do Día das Letras a María Victoria Moreno, escritora en galego nascida en Extremadura, é un dos últimos exemplos das longas e profundas relacións entre Galiza e Extremadura e entre as súas linguas e falas. No que diz respeito das relacións entre Galiza e Extremadura na época histórica, podemos remontarmo-nos a Prisciliano cuja vida parece ter transcurrido entre a Galiza, especialmente Tui e probablemente Santiago, Mérida, Ávila e Burdeos antes de emprender a súa última viaxe a Tréveres, onde foi injustamente decapitado. Podemos logo mencionar o árabe Morwan alcunhado "O Galego" ou "El Gallego" (aínda que aquí *galego* ou *gallego* signifique 'do Norte peninsular') que foi o fundador de Badajoz. Mas a presenza máis masiva de galegos en Extremadura tamén é ben antiga datanto, como menos, da Reconquista como parecen probar, entre outros, os topónimos *Gallego(s)* e a implantación de varias casas señoriais galegas en Cáceres. E da presenza máis recente de galegos en Extremadura testemunhan, entre outras moitas cousas, a Casa de Galicia de Badajoz. E no que diz respeito à lingua, as relacións entre o galego en xeral e as diferentes falas extremeñas é aínda máis antiga, perdendo-se na noite dos tempos, nos tempos do galego arcaico e probablemente tamén dos tempos prehistóricos en que se formou o proto-galego do qual derivan, alén do propio galego arcaico que ocuparía máis das tres cuartas parte da Península, o astur-leonés e o andaluz occidental e central, con os quais se aparenta o extremeño, alén do castelán medieval. Mas son as falas do Vale do Xálema, de San Martín de Trebello, Elhas e Valverde do Fresno, prováveis fósseis vivos daquel galego antigo que, antes de se denominar portugués, se falava nesta zona as que levan a palma destas boas relacións. Boas migas son tamén as que se deron entre galegos e extremeños na emigración americana e europea e das eu podo dar fé e nomeadamente con dous amigos extremeños que o acaso me deparou, primeiro en Lille con o placentino José Luís García Daza quen me legou, xunto con o amigo catalán Joan Misser, un dos postos máis codiciados por un estudante-traballador como eu era cando ele se "incorporaba a filas", e logo na Coruña con o donbenitense Manuel Casado, catedrático de hispánicas cando eu era profesor de lingüística na mesma Universidade. ,

2 O galego arcaico

Segundo Carlos Peregrín Otero en *Evolución y Revolución en Romance II*, onde demostra que tanto o astur-leonés como o judeu-español e o castelán (entenda-se o castelán medieval) derivan do galego antigo e, fundando-se ao parecer nos mapas de Menéndez Pidal, defende que a Galaecia e o galego arcaico ocupaban unha porción moi importante do centro e oeste da península Ibérica, o que aliás confirma o sentido dado polos árabes à palabra *Galiza* e *galego*, o sentido de *gallego* como 'cristiano ou habitante do norte peninsular', o sentido con o qual esta mesma palabra pasou a América,

a relación das jarchas con a cantiga de amigo, etc.

2.1 Significado da palabra gallego

Como já notámos de paso en varios lugares e como ten proposto outros autores, a palabra *gallego* era utilizada no sentido de 'cristiano do norte peninsular'. Mas antes parece que esta mesma palabra era utilizada no mesmo sentido que ten actualmente en hispano-americana, ie. no sentido de 'espanhol' que también corresponde con o sentido que lle davan os árabes. Isto explica-se porque a extensión da antiga Gallaecia como do gallego arcaico era muito maior do que a actual, ocupando aproximadamente três quartas partes da Península.

2.2 As Cantigas de Amigo e as jarchas

As jarchas, i.e. 'saídas' ou 'finais', breves composicións líricas que encerraban os poemas árabes denominados moaxajas, escritos por poetas árabe-andaluzes ou hebreo-andaluzes na Hispania musulmana, geralmente en árabe coloquial e nalguns casos en mozárabe, presentan uma notável similitude con as Cantigas de Amigo, verdadeiras joyas da Literatura Medieval galega, testemuñando assin sen dúbida, como já aventurara o noso ilustre, querido e sentido Rodrigues Lapa, a presenza da língua e cultura galegas antigas até o extremo sul da Península, hipótese confirmada aliás polo significado que os árabes davan à palabra gallego como 'habitante de Península ibérica', significado que logo pasaria ao Novo Mundo e que aquí se iría transformando en 'habitante do Norte peninsular' primeiro e 'habitante da Galiza actual' mais tarde, entre outros muitos indícios e provas como vários topónimos andaluzes, etc.

3 *A fala de Valverde del Fresno, San Martín de Trebello e Elhas*

A fala, o *xalimés*, o *xalmego*, o *manhegu*, o *lagarteiru*, etc. é un mais que provável fósil do gallego arcaico falado ao sul do Minho muito antes de que estes dialectos se denominassen português (cosa que sucedería apenas con os gramáticos renacentistas que começaron aplicando a nova 'língua' a aquelas falas que se extendían do Douro até o Algarve e que se distinguían do gallego falado do Douro para o Norte (aliás en contradición con a etimología da palabra PORTUGUÊS que significava algo assin como 'habitante do condado portugalense' e mais especificamente 'habitante do Porto de Gaia e da sua contorna') antes de se converter en 'língua de Portugal'. Alén disso estas falas, igual que o português de Olivença e outras falas galegas ou portuguesas fronteiriças do Estado espanhol, comparten con o gallego actual outra característica importante como é a de seren línguas e falas en contacto con o castelán, o qual sob a denominación de espanhol oficial domina por completo as línguas minorizadas, submetendo-as a uma cada vez mais forte influência e presson até a sua mais que provável desaparación nun próximo futuro.

Documentadas por primeira vez ao parecer no Dicionario de Madoz, estas falas foron objeto de interesse por parte de Fritz Krüger, Oskar Fink, José Leite de Vascon-

celos, Viudas Camarasa, Lindley Cintra, Gargallo Gil, Xosé Henrique Costas, Alonso Zamora Vicente e Rafael Lapesa, Clarinda de Azevedo, José Luis Martín Galindo, Fernaández-Rei, etc.

O seu número de falantes varia, ao parecer, entre 6000 e 10 000 contando os que traballan fora e apenas venhen ao val por fêrias.

3.1 Origen da fala

Sobre a origen da fala existen três teorías principais; a) a teoría astur-leonesa; b) a teoría galega; c) a teoría portuguesa. A primeira relaciona a fala con una etapa de evolución do astur-leonês extremeño, a segunda con una etapa de evolución do galego da Galiza e a terceira con una etapa de evolución do português. Porén como estamos a falar de etapas anteriores à Renascença en que o português se denominava simplemente galego, as dúas últimas teorías resumen-se a uma, i.e. a galega, quer da Galiza, quer de Portugal. Por outra parte a primeira teoría só ten sentido referida a una etapa en que o galego e o astur-leonês coincidían fundamentalmente, i.e. a época do galego arcaico e portanto tamén a primeira teoría se pode denominar galega, i.e. galego arcaico falado nesta sona. As três teorías poden pois resumir-se numa con três variantes: a) a do galego arcaico falado en extremadura; b) a do galego medieval da Galiza aquí trazido por colonos galegos; c) a do galego de Portugal falado nestas terras. Assin as cousas, a diferença entre estas teorías é mais de tipo sociolinguístico do que propriamente linguístico. Por outra parte, actualmente resulta imposible confirmar a teoría astur-leonesa porque tratándose sempre de terras extremeñas, o normal sería que a fala evolucionara igual en todas partes, cousa que non sucedeu. Por outra parte, a segunda teoría só se podería defender se dispusessemos de documentos que provaran a ocupaçon das terras da *fala* por nativos procedentes das terras que corresponden á Galiza actual, aínda que sabemos que Afonso IX «o Galego» trouxo para aquí moitos galegos con este fin. Podemos pois concluir dizendo que a fala é una variedade de galego, quer do galego medieval de Portugal antes de se denominar português, quer aínda, embora con menor probabilidade, do galego da Galiza aquí trazido e conservado por colonos procedentes da nosa terra durante a Reconquista e a post-reconquista. Tráta-se en todo caso de una forma ou variedade de galego ou língua galega con influéncias do astur-leonês extremeño e, tal como o galego actual da Galiza, mui contaminado polo castelán oficial que sob a denominaçon de español acaba arrasando con as línguas e falas minorizadas. Porén a existencia doutras falas fronteiriças como a de Alamedilha e as semelhanças destas falas con as do Concelho de Sabugal parecen confirmar a teoría portuguesa ou do galego de Portugal

3.2 A fala de Alamedilla

Alamedilla é un municipio e una localidade salmantina da C.A. de Castela e Leon, da Comarca de Cidade Rodrigo, que possui tamén una modalidade própria de língua denominada *fala*, ao parecer semelhante á *fala* do Vale de Xálema. Como por outra parte todas estas falas fronteiriças españolas presentan semelhanças con as portuguesas do Concelho do Sabugal, parece que podemos argumentar, ao menos provisionalmente, a prol do galego falado outrora en Portugal como origen destas línguas.

3.3 BIBLIOGRAFIA RELACIONADA CON A FALA

En HAßLER, GERDA: "A Fala: normalización tardía e identidade cultural" aparece una bibliografía bastante completa sobre este asunto, que reproducimos aquí con breves modificacións:

ARIZA VIGUERA, Manuel: "La conciencia lingüística y el problema del habla de Extremadura". En: Viudas Camarasa, Antonio/Ariza Viguera, Manuel/Salvador Plans, Antonio (eds.): *El habla en Extremadura*. Salamanca, Editorial Regional de Extremadura, 1987, pp. 21-37.

BABARRO GONZÁLEZ, Xoán: "A fronteira lingüística do galego co asturiano. Delimitación e caracterización das falas de transición dos concellos de Navia, Villalón, Allande e Ibias". En: Fernández Rei/Francisco (ed.): *Lingua e cultura galega de Asturias*. Vigo, Xerais, 1994, pp. 83-148.

CARRASCO GONZÁLEZ, Juan M.: "Hablas y dialectos portugueses o galaico-portugueses en Extremadura. Parte I: Grupos dialectales. Clasificación de las hablas de Jálama". En: *Anuario de Estudios Filológicos*. Universidad de Extremadura 19 (1996), pp. 135-148, y "Parte II y última: Otras hablas fronterizas. Conclusiones". En: *Anuario de Estudios Filológicos* 20 (1997), pp. 61-79.

CARRASCO GONZÁLEZ, Juan M./VIUDAS CAMARASA, Antonio (eds.): *Actas del Congreso Internacional Luso-Español de Lengua y Cultura en la Frontera* (Cáceres, 1 al 3 de diciembre de 1994). 2 vol. Cáceres, Universidad de Extremadura, 1996.

CINTRA, Luís Filipe Lindley: *A linguagem dos foros de Castelo-Rodrigo, seu confronto com a dos foros de Alfaiates, Castelo Bom, Castelo Melhor, Coria, Cáceres e Usagre. Contribuição para o estudo do leonês e do galego-português do séc. XIII*. Lisboa, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1959.

CINTRA, Luís Filipe Lindley: "A linguagem dos foros e o galego-português de Xalma". En: Boléo, Manuel de Paiva (ed.): *Estudos de linguística portuguesa e românica*. I. Coimbra, Por ordem da Universidade, 1974, pp. 508-537.

COSTAS GONZÁLEZ, Xosé Enrique: "Notas sociolingüísticas sobre os falares <galegos> da Ribeira Trevellana (Cáceres)". En: *A Trabe de Ouro* 11 (1992), pp. 409-417.

COSTAS GONZÁLEZ, Xosé Enrique: "Breve caracterización das falas (fundamentalmente galegas) do Val do Río Ellas". En: *Cadernos de Lingua* 6 (1992), pp. 85-108.

COSTAS GONZÁLEZ, Xosé Enrique: "O galego de Extremadura: as falas do Val do Río Ellas". En Carrasco González, Juan M./Viudas Camarasa, Antonio (eds.): *Actas del Congreso Internacional Luso-Español de Lengua y Cultura en la Frontera* (Cáceres, 1 al 3 de diciembre de 1994). Cáceres, Universidad de Extremadura, 1996, vol. I, pp. 355-376.

COSTAS GONZÁLEZ, Xosé Enrique: "Valverdeiro, lagarteiro e mañego: O <galego> do Val do Río Ellas (Cáceres)". En: Fernández Rei, Francisco/ Santamarina Fernández, Antón (eds.): *Estudios de sociolingüística románica. Linguas e variedades minorizadas*. Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, 1999, pp. 83-106.

COSTAS GONZÁLEZ, Xosé Enrique: "Aspectos sociolingüísticos das falas do Val do Río Ellas (Cáceres)". En: Salvador Plans, Antonio/García Oliva, María Do-

lores/Carrasco González, Juan M. (eds.): *Actas del I Congreso sobre A Fala*. Mérida, Editora Regional Extremeña, 2000, pp. 93106.

COSTAS GONZÁLEZ, Xosé Enrique: “Tipoloxía das falas do val do río Ellas”. En: Asociación Cultural Alén do Val, <http://es.geocities.com/alendoval/Costas-tipoloxia.html>, 2002. COSTAS GONZÁLEZ, Xosé Enrique: “Valverdeiro, Lagarteiro e Mañego: o «Galego» do Val do Río Ellas (Cáceres)”. En: Asociación Cultural Alén do Val, <http://es.geocities.com/alendoval/Costas-valego.htm>.=<http://www.vieiros.com/galegoexterior/costas.html>, 2002.

COSTAS GONZÁLEZ: “Léxico e fronteira no Val do Río Ellas”. En: Asociación Cultural Alén do Val, <http://es.geocities.com/alendoval/Costaslexicofronteira.htm>, 2002.

CUMMINS, John G.: *El habla de Coria y sus cercanías*. London, Tamesis Books Limited, 1974.

FERNÁNDEZ REI, Francisco: “Galegisch: Areallinguistik (Áreas lingüísticas)”. En: *Lexikon der Romanistischen Linguistik*, vol. VI, 2. Tübingen, Max Niemeyer, 1994, pp. 98-110.

FERNÁNDEZ REI, Francisco: “O galego de Asturias, León e Zamora. Situación sociolingüística”. En: CARRASCO GONZÁLEZ, Juan M./VIUDAS CAMARASA, Antonio (eds.): *Actas del Congreso Internacional Luso-Español de Lengua y Cultura en la Frontera (Cáceres, 1 al 3 de diciembre de 1994)*. Cáceres, Universidad de Extremadura, 1996, vol I, pp. 277-308.

FERNÁNDEZ REI, Francisco: “Sainetes valverdeiros: o «galego» dos colonos de Afonso IX, Rex Legionis et Gallecie”. En: *A Trabe de Ouro* 35 (1998), pp. 407-409.

FERNÁNDEZ REI, Francisco: “As falas de Xálima e a súa relación coa lingua galega”. En: Salvador Plans, Antonio/García Oliva, María Dolores/ Carrasco González, Juan M. (eds.): *Actas del I Congreso sobre A Fala*. Mérida, Editora Regional Extremeña, 2000, pp. 107-140.

FERNÁNDEZ REI, Francisco: “As falas de Xálima e a súa relación coa lingua galega. Notas sobre o «descubrimiento» do «galego» de Cáceres”. En: Asociación Cultural Alén do Val, <http://es.geocities.com/alendoval/CFernandez-Xalima.htm>, 2002.

FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, Mauro: “El gallego en los últimos años: entre la realidad y los deseos”. En: Ridruejo, Emilio (ed.): *Las otras lenguas de España*. Valladolid, Universidad de Valladolid, 2004, pp. 19-40.

FINK, Oskar: *Studien über die Mundarten der Sierra de Gata*. Hamburg, s.l., 1929.

FRADES GASPAR, Domingo: *Vamus a falal. Notas pã coñocel y platical en nosa FALA*. Sierra de Gata (Cáceres), Adisgata (Asociación para el Desarrollo Integral de Sierra de Gata)/Madrid, Process Print, 1994.

FRÍAS CONDE, Francisco-Xavier: *O galego exterior ás fronteiras administrativas*. Xixón, VIP, 1998.

FRÍAS CONDE, Francisco-Xavier: “Aproximación ao galego exterior”. En: *Vieiros* 99, <http://www.vieiros.com/galegoexterior/frias0.html> (basada en los trabajos Frías 1995 y 1997), 2005.

FRÍAS CONDE, Francisco-Xavier: “Lexislación e escolarización das linguas non-dominantes”. En: *Romania minor?*, <http://www.romaniaminor.net/ianua/Torino/Torino07.pdf>, 2005.

FRÍAS CONDE, Francisco-Xavier/González i Planas, Francesc (eds.): *De linguis iberoromanicis (As linguas iberorrománicas perante o século XXI)*, <http://www.romaniaminor.net/alternativa/iberorom>

2003.

GALINDO, José Luís: *A Fala de Xálima*. Mérida, Junta de Extremadura, 1999.

GARGALLO GIL, José Enrique: “San Martín de Trevejo, Eljas (As Elhas) y Valverde del Fresno: una encrucijada lingüística en tierras de Extremadura (España)”. En: *Associação Portuguesa de Linguística* (ed.): *Variação linguística no espaço, no tempo e na sociedade*. Actas do encontro regional da Associação Portuguesa de Linguística (Miranda do Douro, Setembro de 1993). Lisboa, Colibri, 1994, pp. 55-87.

GARGALLO GIL, José Enrique: “De fronteras lingüísticas peninsulares: paralelismos, afinidades, peculiaridades”. En: *Lletres Asturianas* 57 (1995), pp. 23-40.

GARGALLO GIL, José Enrique: “La «Fala de Xálima» entre los más jóvenes. Un par de sondeos escolares (de 1991 y 1992)”. En: Carrasco González, Juan M./Viudas Camarasa, Antonio (eds.): *Actas del Congreso Internacional Luso-Español de Lengua y Cultura en la Frontera* (Cáceres, 1 al 3 de diciembre de 1994). Cáceres, Universidad de Extremadura, 1996, vol. I, pp. 333-356.

GARGALLO GIL, José Enrique: *Las hablas de San Martín de Trevejo, Eljas y Valverde del Fresno. Trilogía de los tres lugares*. Mérida, Junta de Extremadura, Consejería de Cultura y Patrimonio, Gabinete de Iniciativas Transfronterizas, 1999. (Estudios y Documentos sobre A Fala, 1).

GONZÁLEZ SALGADO, José Antonio: *Cartografía lingüística de Extremadura. Origen y distribución del léxico extremeño*. Tesis doctoral inédita, leída en la Facultad de Filología de la Universidad Complutense de Madrid, 18/10/00. Con 418 mapas lingüísticos y etnográficos. Madrid, Universidad Complutense, 2000.

GONZÁLEZ SALGADO, José Antonio: “La fonética en las hablas extremeñas”. En: *Revista de Estudios Extremeños* 59/2 (2003), pp. 589-619.

GUTIÉRREZ TUÑÓN, Manuel: *El habla de El Bierzo* (León). Ponferrada, Instituto de Estudios Bercianos, 1986.

GUTIÉRREZ TUÑÓN, Manuel et alii: *Atlas lingüístico de El Bierzo*. Ponferrada, Instituto de Estudios Bercianos, 1996-2002.

HÄBLER, GERDA: *A Fala: normalización tardía e identidad cultural*. http://www.dip-badajoz.es/cultura/ceex/reex_digital/reex_LXII/2006/T.

KRÜGER, Fritz: *Studien zur Lautgeschichte westspanischer Mundarten auf Grund von Untersuchungen an Ort und Stelle*. Hamburg, Gräfe Sillem in Komm, 1914, 1925.

LEITE DE VASCONCELLOS, José: “Linguagem de San Martín de Trevejo (Cáceres-Espanha)”. En: *Revista Lusitana* 26 (1927), pp. 247-259.

LEITE DE VASCONCELLOS, José: “Português dialectal na Região de Xalma (Hespanha)”. En: *Revista Lusitana* 31 (1933), pp. 166-275.

LÓPEZ FERNÁNDEZ, F. Severino: *Topónimus d’As Ellas y rimas en lagarteiru*. Salamanca, Gráficas Ortega, 1992.

LÓPEZ FERNÁNDEZ, F. Severino: *Arreidis, palabras y ditus lagarteirus*. Mérida, Editora Regional de Extremadura, 1999. (Estudios y Documentos sobre A Fala, 5).

LÓPEZ MOLDES, Elisa/DÍAZ FERNÁNDEZ, Begoña/OrxeGarcía, Ignacio: “Proposta didáctica e pedagóxica para a introducción na escola da variante galego-portuguesa do Val do Ríu Ellas (Cáceres)”. En: Carrasco González, Juan M./Viudas Camarasa, Antonio (eds.): *Actas del Congreso Internacional Luso-Español de Lengua y Cultura en la Frontera* (Cáceres, 1 al 3 de diciembre de 1994). Cáceres, Universidad de Extremadura, 1996, vol. II, pp. 301-310.

MAIA, Clarinda de Azevedo: “A penetração da língua nacional de Portugal e de Espanha nos falares fronteiriços do Sabugal e da vizinha região de Xalma e Alamedilla”. En: XXIX Congresso Luso-Espanhol para o Progresso das Ciências. (Lisboa, 31 de Março a 4 de Abril de 1970). = *Revista Portuguesa de Filologia* 15, tomos I e II (1969-1971), páginas 805-815.

MAIA, Clarinda de Azevedo: Os falares fronteiriços do concelho de Sabugal e da vizinha região de Xalma e Alamedilla. Suplemento IV da *Revista de Filologia Portuguesa*. Coimbra, Faculdade de Letras, 1977.

MAIA, Clarinda de Azevedo: “Os dialectos de Xalma: problemática e perspectivas de pesquisa”. En: Salvador Plans, Antonio/García Oliva, María Dolores/Carrasco González, Juan M. (eds.): *Actas del I Congreso sobre A Fala*. Mérida, Editora Regional Extremeña, 2000, pp. 75-92.

MARTÍN DURÁN, José: A fala. Un subdialecto leonés en tierras de Extremadura. Mérida, Junta de Extremadura, Consejería de Cultura y Patrimonio, Gabinete de Iniciativas Transfronterizas, 1999. (Estudios y Documentos sobre A Fala, 4).

MARTÍN GALINDO, José Luis: “Apuntes socio-históricos y lingüísticos sobre A Fala de Xálima”. En: *Revista Alcántara del Seminario de Estudios Cacerenses* 30, Septiembre-Diciembre (1993), pp. 123-147.

MARTÍN GALINDO, José Luis: “O fenómeno lingüístico y cultural do Val de Xálima – El fenómeno lingüístico y cultural del Valle de Jálama”. En: Carrasco González, Juan M./Viudas Camarasa, Antonio (eds.): *Actas del Congreso Internacional Luso-Español de Lengua y Cultura en la Frontera* (Cáceres, 1 al 3 de diciembre de 1994). Cáceres, Universidad de Extremadura, 1996, vol. I, pp. 377-406.

MARTÍN GALINDO, José Luis: *Guía histórica y cultural de San Martín de Trevejo: O Val de Xálima a vista de andurinha*. Cáceres, Iniciativa Val de Xálima, 1998.

MARTÍN GALINDO, José Luis: *A fala de Xálima. O falar fronteirizo de Eljas*, San Martín de Trevejo y Valverde. Mérida, Junta de Extremadura, Consejería de Cultura y Patrimonio, Gabinete de Iniciativas Transfronterizas, 1999.

MARTÍNEZ MARTÍNEZ, Manuel: *El enclave de Olivenza, su historia y su habla*. Granada, Universidad, 1974. ONÍS, Federico de: “Notas sobre el dialecto de San Martín de Trevejo”. En: *Todd Memorial Volumes. Philological Studies* 2 (1930), pp. 63-70.

REY YELMO, Jesús C.: *La fala de San Martín de Trevejo: O mañegu. Notas y Vocabulario*. Mérida, Junta de Extremadura, Consejería de Cultura y Patrimonio, Gabinete de Iniciativas Transfronterizas, 1999. (Estudios y Documentos sobre A Fala, 3).

SALVADOR PLANS, Antonio: “Dialectología y folclore en Extremadura en el tránsito del siglo XIX al XX”. En: *Revista de Estudios Extremeños* 54/3 (1998), pp. 807-831.

SECO OROSA, Ana: *A fronteira lingüística do galego en León e Zamora*. Tese de licenciatura. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1997.

SECO OROSA, Ana: “O trazado da fronteira do galego na provincia de León”. En: *Estudios Bercianos* (Ponferrada, Instituto de Estudios Bercianos) 24 (1998), pp. 32-47.

SECO OROSA, Ana: “Determinación da fronteira lingüística entre o galego e o leonés nas provincias de León e Zamora”. En: *Revista de Filología Románica* 18 (2001), pp. 73-102.

SÓÑORA ABUÍN, Asunción et alii: “Aproximación sociolingüística ó Val do Rúa Ellas (Cáceres): Estudio dos usos e actitudes lingüísticas”. En: Carrasco González, Juan M./Viudas Camarasa, Antonio (eds.): *Actas del Congreso Internacional Luso-Español de Lengua y Cultura en la Frontera* (Cáceres, 1 al 3 de diciembre de 1994). Cáceres, Universidad de Extremadura, 1996, vol. I, pp. 407-414.

STEFANOVA-GUEORGUIEV, Irena: *Español y portugués en la Península Ibérica y en América Latina: dos situaciones de contacto lingüístico*. Thesis submitted in partial fulfillment of the requirements for the degree of the Master of Arts Department of Sociology and Anthropology, Simon Fraser University, http://www.analitica.com/bitbliblioteca/irena_s_tefanova/tesis.pdf, 2000.

VIUDAS CAMARASA, Antonio: “Un habla de transición: El dialecto de San Martín de Trevejo”. En: *Lletres Asturianas* 4 (1982), pp. 55-71.

VIUDAS CAMARASA, Antonio/Ariza Viguera, Manuel/Salvador Plans, Antonio (eds.): *El habla en Extremadura*. Salamanca, Editorial Regional de Extremadura, 1987.

4 Prisciliano

Ainda que desconhecemos muitos pormenores de Prisciliano, sabemos que a sua vida transcurriu, no século IV, entre Mérida (onde contava con un número importante de seguidores), Ávila (onde foi bispo), Burdeos (onde en parte se formou) e a Galiza, especialmente Tui, antes de ser executado en Tréveres. Segundo Próspero de Aquitania, Prisciliano nasceu na província romana de Gallaecia, ao parecer no seio ou nas proximidades de uma família senatorial, porventura relacionada con a Bética ou a Lusitânia. Por volta do ano 370 chegaria a Burdeos para se formar con o retórico Delphidius en cuja companhia e a da sua mulher Eucrocía acabaria formando uma comunidade. Finalmente, sábe-se que por volta do ano 485 Prisciliano chega a Tréveres onde finalmente foi decapitado en companhia de vários dos seus discípulos. E uma das hipóteses é que o seu corpo foi trazido a Galiza por discípulos galegos e porventura depositado na floresta de Libredon no lugar en que várias centúrias mais tarde foi encontrado o sepulcro de Santiago.

5 Marwan 'O Galego' e o Reino de Badajoz

Abd al-Rahman ibn Muhammad Ibn Marwan Ibn Yunus al-Yilligi al-Maridi, conhecido como Ibn Marwan al-Yilliqui, Ibn Marwan, «o filho do galego» ou «o galego», denominação dada entón aos habitantes ou cristiáns do norte peninsular, foi un senhor hispanomusulmán, fundador dun movemento sufista no Alandalus que dominou o Baixo e Médio Guadiana e o sul do actual Portugal na segunda metade do século IX criando o reino de Badajoz, fundando a capital de mesmo nome e a vila de Marvão, daí también este nome, en cuja Fortaleza de Amaia se refugiou.

6 Castelao en Badajoz

En 1934 Lerroux desterra Castelao, enton secretario político do Partido Galeguista, a Badajoz onde vai vivir e traballar, con varias interrupcións, até mediados de 1935 e onde, alén de escribir varios artigos para *A Nosa Terra*, posteriormente incluídos en *Sempre en Galiza*, vai redigir algúns das súas páxinas de maior valor literario. "Estou lonxe da miña Terra: en Badaxoz. Cóbreme un inmenso fanal azul. Atópome na torre de "Espanta Perros" e vexo dende eiquí as rúas ensarilladas da cibdade. Unha cigoiña lanzal vixía no borde do seu niño, e as pombas bravas chían no ar. Na lonxanía percibo a Elvas —a praza portuguesa nemiga temporal de Badaxoz— inicia *Sempre en Galiza* de que Lorenzo nos lembra estas outras pasagens: "Estou nun inmenso país de latifundios, poboado por xentes moi ricas e xentes moi probes. Os ricos comen porco e teñen cara de ictericia. No inverno sonean a carón do braseiro e no vran durmen de día e velan de noite. Reparten esmolos de dous céntimos e consideran as chinches como unha praga inevitable. Teñen administradores para os seus bens e creen que Gil Robles é un revolucionario. Os probes mantéñense de sol no inverno e aforran enerxías encostándose nas paredes encaleadas. Cando chegan os meses de calor pónense a engulir araxiñas de vento nas rúas avesías. Están desnutridos e perderon o apetito. Se algunha vez traballan dálle estalidos o espiñazo. A terra é farturente e dá, sen esforzo, todo canto se lle pida; pero esta terra está en poder dos ricos, ... Se eu fose natural deste país e sentise anceios de axudar a reivindicalo, non me quedaría máis que un recurso: ser socialista.

6.1 José María Lama sobre Castelao en Badajoz

José María Lama publica no *Boletín de la Real Academia de Extremadura de las Artes y las Letras* de 2015 o artigo «Castelao en Badajoz» sobre os escritos extremeños do mestre galego con apreciacións como as seguintes: "Estos escritos, junto a las cartas que desde Extremadura escribió a sus amigos, además de permitirnos conocer las vicisitudes en la región de uno de los principales personajes contemporáneos, nos ofrecen una más de esas "miradas del otro" sobre la Extremadura de la primera mitad del siglo XX. Su visión se suma a la que se muestra en los textos de Miguel de Unamuno, de viaje por Extremadura en la segunda década del siglo; la del documental *Las Hurdes, tierra sin pan*, filmado por Luis Buñuel en 1932, o la de las fotografías de Ruth Anderson, en la década de los veinte, y de Eugene Smith, al comienzo de los cincuenta".

Lembra-nos tamén Lama onde vivía e trabalahava o autor de *Sempre en Galiza*:

Al principio, Castelao vive en el hotel Palax, hasta 1907 llamado La Favorita, situado en la esquina entre la calle Menacho y Vasco Núñez, en un lateral del Paseo de San Francisco. Pagaba seis pesetas diarias por la pensión completa. Por las mañanas, a las 8, casi siempre le despierta algún burro, que rebuzna debajo de su balcón. Sorteaba a otros, que llenan las calles de Badajoz, en su camino a la Delegación de Hacienda, ubicada por entonces en la Plaza de la Soledad número 8

Notemos que o hotel Palax, antes La Favorita, já non existe mas o edificio en que este se achava continua no mesmo lugar igual que o edificio da Delegación de Hacienda en que trabalahava o mestre e que agora pertence ao Conservatorio Superior de Música da Diputación Provincial (tenho que reconhecere que para un admirador de sem-

pre de Castelao, foi para min motivo de grande emoción descubrir na compañía do meu fillo maior Iago nestas pasadas férias de Pasquas ou Semana Santa lugares como estes, alonxados da Galiza e frecuentados polo autor de Sempre en Galiza, emoción que tamén sentira outrora en Buenos Aires e especialmente no Centro Galego e no Centro Ourenseño).

Sobre os paseios de Castelao por Badajoz podemos ler o seguinte:

Pasea todas las tardes, a veces acompañado de un perro vagabundo. Los mendigos le paran en la calle. Contempla la ciudad desde la torre de Espantaperros, ve a los ancianos saliendo del asilo, visita la catedral... Deambula en compañía de otros, casi siempre gallegos. Porque traba relación con varios paisanos que también viven allí: dos afiladores de Orense, un guardia de asalto de Lalín y otro de Coruña, un guardia civil, un empleado de Hacienda, un lucense que es cobrador del Banco de España...

Lama también nos informa dos cafés que frecuentava Castelao como eran "El Gallo" na rua de San Juan, "El Mundial", mais popular, "El Mercantil", "La Unión", etc. A este propósito diz o propio Castelao: "Paso a vida nos cafés, para non chorar. Atopei xa a moitos galegos: dous afiladores, un garda civil, dous de asalto, un da Facenda, outro do Banco".

6.2 NOTAS BIBLIOGRÁFICAS

Son importantes también as notas bibliográficas de Lama. Assin sabemos qu as suas citas son do Sempre en Galiza de Akal, Madrid, 1977, que reproduz a edición de Buenos Aires de 1961.

ESPINOSA MAESTRE (La primavera del Frente Popular, Crítica, Barcelona, 2007, pp. 27 y 323, n. 29) inclúe unha cita de Sempre en Galiza e unha referencia ao exilio de Castelao en Badajoz.

ALMUIÑA y FERNÁNDEZ, Celso ("El pensamiento de Castelao por contraste (Badaxoz, 1935)", en BERAMENDI, Justo G. y VILLARES, Ramón, eds., Actas Congreso Castelao (Santiago de Compostela, 24-29 noviembre 1986), [Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, Cursos e Congresos nº 62, 1989, pp. 359-380]) está dedicado también ao desterro de Castelao en Badajoz

VILARIÑO, Inacio y SUÁREZ, Iván (O pobre tolo, Santiago de Compostela, Demo Editorial, 2012.) recria en comic algúns aspectos de Castelao en Badajoz.

FERNÁNDEZ, Miguel Anxo (Las imágenes de Carlos Velo, México, Universidad Nacional Autónoma de México, 2007, pp. 272 y ss.) fala de un tento de Velo por levar ao cine a vida de Castelao

SÁNCHEZ CASADO, Isabel (Alfonso Rodríguez Castelao: 24 años en la administración pública española (1915-1939): documentos para una biografía, Barcelona, Editorial Anthropos, 1984, p. 27.) fala da vida profesional do Castelao funcionario público.

"A Castelao no le levanta el destierro Portela Valladares, como erróneamente se ha señalado en Xesús ALONSO MONTERO (ed.) (Supl. Castelao, Cuadernos para el Diálogo en 1975 [Madrid, nº 58, p. 7].), sino el mismo que se lo había impuesto, Lerroux".

7 Sergio Lorenzo e Cáceres

Sergio Lorenzo é un xornalista nacido no ferrol e afincado desde fai trinta e pico de anos en Cáceres onde traballa, o qual en Julio de 2017 escribiu un artigo sobre as relacións entre Galiza e Extremadura no que fala, entre outras cousas, da dedicación das Letras Galegas 2018 a María Victoria Moreno Márquez, do exílo de Castela en Badajoz, da presenza de varias casas señoriais galegas en Cáceres (Ulloa, Sande, Mogolón, Becerra, Aldana, Figueroa), da semellanza do escudo de Carvajal ("que está en muchos palacios e iglesias de Cáceres") con a bandeira galega ("con la banda atravesándolo de esquina a esquina"), da fala do Valle del Jálma, "la lengua que tanto se parece al gallego", da Calle de Gallegos de Cáceres en que gallegos se refire a "cristianos" para os árabes como no caso de Alfonso IX " nuestro último conquistador, apodado El Gallego", da "pedanía de Esparragosa de Lares", nas Urdes, chamada Galizuela "al ser sus primeros pobladores gallegos", do "hermoso castañar El Gallego de Hervás que aminoró el mal de la emigración en la zona", dos cruceiros de Berzocana, Escorial, Montánchez, Salvatierra de Santiago, Torrejoncillo, Guijo de Galisteo... "que me recordaban a los que libran de males en los cruces de caminos del norte", etc.

8 O falar donbenitense segundo Manuel Casado

O meu amigo Manuel Casado Velarde, actual catedrático de lingua española na Universidade de Navarra, escribiu un libro de que tive o honor de recibir copia, sobre a fala de Don Benito, a súa vila natal, que é un bon espello da fala popular extremeña desta zona pacense e que reflicte as numerosas relacións desta fala con o galego actual e/ou o portugués e/ou o galego medial. Palabras como escuro, endenantes, nano, contino, amorriño, arrepío, acedo (azedo), coruja, miar, etc. confúndense con (ou son moi próximas a) palabras galegas. Expresións como "ir o andar a la cata de", "ir con los pelos espetados", "ir de candanga" (gal. ir de gandanga), "de seguida", "echar un ojo", etc. ten as súas equivalentes galegas. Este traballo lembrou-me, aliás, o do admirado Zamora Vicente, amigo de moitos dos meus amigos, que aliás prefaciou o libro de Casado, sobre o falar de Mérida.

9 María Victoria Moreno e o Día das Letras Galegas 2018

María Victoria Moreno, Nacida o 1 de maio de 1939 en Valencia de Alcántara, estudou Filología Románica en Madrid, onde se licenciou. Desde 1963 vive e trabala na Galiza onde comeza a escribir en galego, principalmente literatura infantil e xuvenil. Parece que se comezou a sensibilizar con a nosa lingua no Instituto de Lugo da man de Xesús Alonso Montero e dos alumnos do rural, entre os quais se encontrava o actual escritor Rábade Parede, e onde comezou a súa andaina como profesora na nosa Terra antes de pasar ao Instituto de Pontevedra, onde ía ficar até a reforma. En ambos institutos María Victoria Moreno deixou moi boas lembranzas entre os seus alumnos, especialmente os do rural, que cuidaba con especial agarimo, aos que emprestaba libros entón

prohibidos ou de difícil adquisición, aos que mesmo ajudava con clases particulares, etc. Alén de profesora de Instituto, foi libreira e directora de una colección da Editorial Galaxia. A súa vasta obra incluí *A brétema*, *A festa no faiado*, *A semente aquecida da palabra*, *Anagnórise*, *As linguas de España*, *Contos de hogano*, *Contos pra Nenos*, *Diario da luz e a sombra*, *¿E habrá tirón de orellas?*, *Elexías de luz*, *Eu conto, ti cantas...*, *Guedellas de seda e liño*, *Leonardo e os fontaneiros*, *Lerías*, *Literatura do Século XX*, *Mar adiante*, *O cataventos*, *Relatos para un tempo novo*, *Ruta Rosalía 1993*, *¿Un cachiño de bica?*, *Verso e prosa*, *Novísimos da poesía galega*, *Amigos de mil cores* ou *Diario da luz e a sombra*. María Victoria morreu en Pontevedra o 21 de novembro de 2005. Agora a Academia Galega dedica-lhe o Día das Letras Galegas de este ano.

10 Conclusión

Fai un tempo lin un artigo, como sempre interessantísimo, de Xesús Alonso Montero sobre escritores andaluzes, entre eles García Lorca, que escriberan en galego, e se mal non recordo, o autor sorprendíase gratamente de que gentes tan afastadas da nosa terra se interessaran pola nosa lingua e cultura. Agora podemos formular esta mesma grata sorpresa no que diz a respecto de Extremadura e nomeadamente das obras en galego de María Victoria Moreno. Mas tendo en conta que existen outros moitos elementos comúns entre os povos e as linguas e falares occidentais e centro-occidentais que se estenden de Nore a Sul e que existen datos que parecen indicar que a lingua galega gozava no pasado de una extensión moito maior do que na actualidade, talvez podamos explicar isto dizendo que, como no caso de Portugal, as raíces de Extremadura e de Anadaluzia, ao menos a central e occidental, eran provabelmente galegas e que quicá isto ficase no subconsciente de extremenhos, andaluzes, etc.